


Y SÍ REMATOU A III OLIMPIÁDA DE CONVIVENCIA



4º ESO D



O mércores 20 de xuño, 4º ESO D disfrutou do seu merecido premio como grupo gañador da III Olimpíada de Convivencia do IES do Milladoiro.

Nunha intensa xornada durante unha mañá radiante suaron a gota gorda aprendendo a xogar ó tenis e a paddel, recordaron o que é xogar en equipo nun frenético partido de baloncesto e, por fin, disfrutaron na piscina do Squash Santiago de O Milladoiro. E todo por conservar a súa aula en boas condicións ó longo de todo o curso!

Dende o equipo da Olimpíada de Convivencia, queremos dar as grazas a todos e todas os/as que axudaron, en maior ou menor medida, a que os espazos comúns se mantivesen nun estado adecuado.

Tamén queremos destacar en positivo a labor de moito alumnado que contribuíu a reparar os desperfectos das súas aulas nun exercicio de responsabilidade e madurez.

Moi especialmente, GRAZAS ás nais e alumnado voluntario que nos axudaron nas revisións e fixeron aportacións moi valiosas.

Estamos moi agradecidas ás ANPAS do noso centro pola súa colaboración nas revisións periódicas e tamén aportando axuda económica para o premio final.

GRAZAS tamén ó persoal de limpeza do noso centro que, ademais das súas tarefas, tamén contribuíron ó control da limpeza nas aulas.

Non podemos esquecer a labor dos/das titores/as, que aceptaron as nosas suxestións sen reparos. GRAZAS.

E, xa que estamos, GRAZAS ó equipo directivo e orientación do noso centro, que sempre creron no que se estaba a facer e ofreceron os mellores consellos e o seu apoio incondicional.

MOITAS GRAZAS!